

**CONVENIO DE PATROCINIO ENTRE A FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO E
A ENTIDADE UMIA CF, PARA O EXERCICIO 2020-1ªFASE
(CON LIÑA ESPECÍFICA DE PATROCINIO DE ABANCA)**

Santiago de Compostela, 19 de agosto de 2020

REUNIDOS

Dunha parte a FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO, con C.I.F G15769383, representada neste acto pola persoa do Presidente do seu Padroado, en calidade de Secretario Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, Don José Ramón Lete Lasa, en virtude das facultades que ten conferidas. En diante Fundación.

Doutra parte a Entidade Umia CF, con N.I.F. G36039634, representada por don/dona Francisco Torres González, con D.N.I 76862660H, en virtude das facultades que lle son conferidas polos poderes presentados perante a Fundación. En diante, a Entidade.

EXPÕÑEN

- I. Que a Fundación, entidade fundacional do sector público de Galicia, ten por finalidade a promoción do deporte na Comunidade Autónoma galega, en cuxa consecución está capacitada para a realización de distintas actuacións, en colaboración con institucións e empresas, tanto públicas como privadas.
- II. Que a Fundación Deporte Galego, ten aprobado o *Plan de Patrocinio Deportivo Fundacional dos equipos de Alta Competición de Galicia, Exercicio 2020-1ªFase*, cuxo obxecto principal é a promoción e incentivo do deporte e da práctica deportiva en Galicia, tendo por destinatarias as entidades con equipos nas máximas categorías estatais absolutas. En diante, o Plan.
- III. Que a Entidade conta cun equipo participante nunha das competicións incluídas no ámbito obxectivo do Plan. En diante o Equipo.
- IV. Que a Fundación e a entidade financeira ABANCA formalizaron un contrato de patrocinio, que ten por obxecto o patrocinio publicitario por ABANCA do Plan de patrocinio dos equipos de alta competición de Galicia da Fundación Deporte Galego -en diante o Plan-. Este patrocinio supón a consideración de ABANCA como PATROCINADOR



OFICIAL do Plan, incorporándose o seu distintivo corporativo ás actuacións de comunicación do mesmo que desenvolva a Fundación, sen prexuízo das restantes prestacións contempladas no Plan de patrocinio a favor de ABANCA

- V. Que o Plan de Patrocinio conta con dúas liñas específicas de patrocinio:
 - a. Patrocinio con cargo á liña específica XUNTA DE GALICIA, DEPORTE GALEGO.
 - b. Patrocinio con cargo á liña específica ABANCA.
- VI. Que a Entidade presentou solicitude para ámbolos dous apartados de patrocinio.
- VII. Que logo da correspondente tramitación do expediente, a Entidade vén de resultar adxudicataria no procedemento establecido para a formalización coa Fundación, dun convenio de patrocinio con motivo do Plan de Patrocinio e para ámbolos dous apartados sinalados anteriormente.
- VIII. Que conforme a todo o referenciado, as Partes, recoñecéndose plena capacidade, conveñen en subscribir o presente convenio de patrocinio.

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- Obxecto

É obxecto do presente convenio establecer as relacións entre as Partes en orde a dispoñer a actividade de patrocinio por parte da Entidade á Fundación Deporte Galego e ABANCA de acordo co Plan de patrocinio para o Exercicio 2020 – 1ª Fase.

Este patrocinio será desenvolvido conforme á solicitude presentada pola Entidade para ámbolos dous apartados do patrocinio, así como de conformidade co establecido no *Plan de Patrocinio Deportivo Fundacional dos equipos de Alta Competición de Galicia*, Exercicio 2020–1ªFase.

Segunda.- Obrigas das partes

A Entidade vén obrigada a desenvolver as actuacións e obrigas recollidas na solicitude presentada á Fundación, tanto para a primeira liña de patrocinio (XUNTA DE GALICIA, DEPORTE GALEGO), como para o segundo apartado



(ABANCA) así como as establecidas no *Plan de Patrocinio Deportivo Fundacional dos equipos de Alta Competición de Galicia* aprobado a estes efectos, sendo todos estes documentos obrigatorios para as partes.

A entidade comprométese a comunicar no prazo máximo de 5 días desde a obtención do resultado, os resultados importantes en competicións nacionais e internacionais acadados.

Asemade, a entidade comunicará con unha semana de antelación, a fundaciondeportegalego.pr@xunta.gal a celebración de competicións, eventos de relevancia, ou actos públicos e de comunicación relativos ao equipo patrocinado.

A Fundación Deporte Galego e os equipos, e particularmente os seus adestradores e xogadores, colaborarán nas actividades organizadas no marco do Plan. A Fundación comunicará aos equipos cunha antelación mínima de 15 días, as actividades do Plan nas que deban participar os adestradores e xogadores, quenes deberán asistir salvo xustificación admitida pola FDG.

A Fundación, pola súa parte, comprométese a patrocinar ao equipo coa cantidade indicada na cláusula seguinte.

Terceira.- Pagamento e partida orzamentaria

O importe do presente convenio ascende a 10.957,18 €, máis o 21% de I.V.E. (2.301,01 €). Total: 13.258,19 €, I.V.E. incluído, desglosado do seguinte xeito en atención ás dúas liñas de patrocinio establecidas no Plan:

- a) Primeiro apartado: patrocinio con cargo á liña específica XUNTA DE GALICIA, DEPORTE GALEGO:
 - a. Base: 5.452,96 €
 - b. Ive (21%): 1.145,12 €
 - c. Total: 6.598,08 €
- b) Segundo apartado: patrocinio con cargo á liña específica ABANCA:
 - a. Base: 5.504,22 €
 - b. Ive (21%): 1.155,89 €
 - c. Total: 6.660,11 €

Este importe será abonado en dous prazos:

- a) O 80% do importe unha vez asinado o convenio, recibida a correspondente declaración responsable e xustificación gráfica de ter utilizados os soportes publicitarios esixidos para o cumprimento do convenio en situacións reais de competición, adestramento e viaxe (Anexo II) e presentada, a través do Sistema Electrónico de



Facturación da Comunidade Autónoma de Galicia https://factura.conselleriadeconomia.es/eFactura_web/, a correspondente factura emitida pola Entidade de conformidade coa Fundación Deporte Galego. No concepto da factura farase constar “Primeiro pago do convenio de patrocinio formalizado entre a Fundación Deporte Galego e a Entidade Umia CF ao abeiro do Plan de Patrocinio dos equipos de alta competición de Galicia para o ano 2020–1ª Fase (80%)”.

- b) O 20% restante abonarase a partir do 31.12.2020, unha vez rematadas todas as actividades e competicións do exercicio 2020 e unha vez presentada, a través do Sistema Electrónico de Facturación da Comunidade Autónoma de Galicia https://factura.conselleriadeconomia.es/eFactura_web/, a correspondente factura emitida pola Entidade con data 31.12.2020, acompañada da correspondente declaración responsable e xustificación gráfica do cumprimento das obrigas (Anexo III) e da memoria que comprenda o conxunto das actividades obxecto de patrocinio realizadas pola Entidade (Anexo IV). Asemade, deberá acompañar declaración responsable das axudas solicitadas ás distintas administracións públicas competentes ou a entidades privadas, con indicación das concedidas ou pendentes de resolución, e de que os ingresos obtidos con motivo da actividade patrocinada non xeraron superávit ou, en caso contrario, informado de cal é ese excedente ao fin de proceder á redución do importe final a pagar na contía que exceda o equilibrio entre ingresos e gastos da actividade patrocinada (Anexo V). Finalmente, será necesario tamén a correspondente conformidade da Fundación Deporte Galego. No concepto da factura farase constar “Segundo pago do convenio de patrocinio formalizado entre a Fundación Deporte Galego e a Entidade Umia CF ao abeiro do Plan de Patrocinio dos equipos de alta competición de Galicia para o ano 2020–1ª Fase (20%)”.

A data límite para presentar toda a documentación relativa aos dous prazos de xustificación e pagamento será o 31 de xaneiro de 2021. En caso de non ter presentada a documentación nesta data, perderán o dereito ao cobro das cantidades pendentes.

O presente convenio de patrocinio será financiado con cargo aos orzamentos da Fundación Deporte Galego para o ano 2020, e concretamente con cargo á partida orzamentaria (5. Outros Gastos), dado que no orzamento vixente para o exercicio 2020 dispónse de financiamento suficiente para os presentes convenios con cargo á partida sinalada anteriormente.



Cuarta.- Vixencia

O prazo de vixencia estenderase entre a data de sinatura do convenio e o 31 de decembro de 2020.

A Entidade deberá acreditar o cumprimento das obrigas asumidas en virtude do convenio, momento a partir do cal quedará resolto de pleno dereito sen necesidade de comunicación previa entre as partes.

Quinta.- Exención de responsabilidade

A Fundación e ABANCA quedarán exoneradas de calquera tipo de responsabilidade fronte a terceiros por danos de calquera índole que puideran ser causadas por calquera elemento, activo ou soporte publicitario, que conteña os seus logotipos ou marcas.

Asemade, a Fundación e ABANCA non serán responsables, principais nin subsidiarios, respecto de obrigas ou sancións de calquera índole que puideran ser impostas á Entidade ou ao Equipo, comprometéndose a Entidade a manter indemne á Fundación e á ABANCA, mediante o pago das mesmas.

Sexta.- Incumprimentos, penalizacións, modificación e rescisión do convenio

Estarase ao disposto no Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición de Galicia, exercicio 2020.

A Fundación e a Entidade poderán crear unha comisión de seguimento do convenio co fin de realizar a coordinación e o seguimento das actividades conxuntas programadas, así como co fin de velar polo cumprimento do presente convenio.

Sétima.- Transparencia e bo goberno

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia a Fundación Deporte Galego publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe dos patrocinios concedidos. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puideren imponerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.



Tamén remitirá para a súa publicación no Diario Oficial de Galicia, dentro dos primeiros vinte días dos meses de xaneiro, maio ou setembro do ano 2020, en función de cando se formalicen os convenios de patrocinio, unha relación dos que se subscriban referida ao cuadrimestre anterior. Nesta relación sinalarese con claridade o importe dos mesmos, o obxecto do convenio e a persoa ou entidade destinataria.

Así mesmo, a Fundación remitirá copia dos convenios formalizados ao rexistro público de convenios da Xunta de Galicia, segundo o establecido na normativa reguladora deste.

Oitava.- Consentimento para a publicidade de datos persoais que figuran no convenio.

Os asinantes do convenio, manifiestan seu consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que consten no convenio, e mailo resto das especificacións contidas no mesmo, podan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.

Novena.- Réxime Xurídico

O contido e efectos do presente convenio quedarán suxeitos ás normas do Dereito común.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da súa interpretación, modificación, resolución e efectos que non podan ser resoltas no seo da Comisión de seguimento e interpretación, serán sometidas ao coñecemento da Xurisdicción Civil, renunciando as partes a calquera outro foro que puidera corresponderlles.

Dando mostra de conformidade con todo o sinalado neste documento, asinan as partes o mesmo e a un só efecto, no lugar e data sinalados no encabezado.

Pola Fundación Deporte Galego

Pola Entidade

Asdo.: José Ramón Lete Lasa

Asdo: Francisco Torres González

